

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL

I. Obxecto da convocatoria

De conformidade coa Lei 10/1996, de 5 de novembro de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, a Sociedade Anónima Xestora Bantegal (en adiante Bantegal) acorda a convocatoria de selección de persoal.

É obxecto desta convocatoria a provisión, baixo os principios de mérito, capacidade e publicidade, das seguintes prazas do cadro de persoal laboral fixo da empresa pública Bantegal:

- 1 Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras.
- 1 Técnico Superior de Estudos e Dinamización.
- 1 Técnico Superior Área Xurídica

O proceso de selección será o de concurso-oposición, e incluírá unha entrevista persoal.

O antedito persoal desempeñará as súas funcións na sede da empresa en Santiago de Compostela.

II. Requisitos dos candidatos

II.1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais, referidos á data na que conclúa o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a) Ter nacionalidade dalgún estado membro da Unión Europea, así como os nacionais daqueles Estados aos que, en virtude de tratados internacionais convidos coa citada Unión e ratificados por España, se lles aplique a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan as súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite para residir e para poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

En consecuencia, poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

- b) Seren maiores de idade e estar no pleno exercicio dos seus dereitos civís e non ter acadada a idade de xubilación.
- c) Non sufriren enfermidade ou eiva física e/ou psíquica que lles impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que opte.
- d) Non estar arredado do servizo de ningunha Administración pública por mor de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

II.2. Ademais, para participar no proceso de selección de cada un dos postos de traballo convocados é preciso posuir a titulación e requisitos mínimos esixidos para cada posto segundo se describe:

- a) Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras: Titulado superior en Enxeñería Agrónoma e dispor do permiso de condución B1 ou equivalente.
- b) Técnico Superior de Estudos de Información e Dinamización: Titulado superior en Enxeñería Agrónoma e dispor do permiso de condución B1 ou equivalente.
- c) Técnico Superior Área Xurídica: Licenciatura en Dereito. Ademais esixirase experiencia mínima e contrastada de 2 anos en dereito civil e administrativo e especialmente en dereito agrario.

II.3. Con independencia dos requisitos relacionados anteriormente, esíxese para todos os postos de traballo estar en posesión do curso de perfeccionamento do Idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Para aqueles que non posúan dito curso e accedan á fase de entrevista persoal, antes de realizarse esta, deberán superar unha proba de dominio do idioma galego.

III. Prazo, lugar e forma de presentación das solicitudes de participación

III.1. As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de participación, en instancia que figura no Anexo I desta resolución, no prazo de 15 días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Só se admitirán aquelas solicitudes entregadas en dito prazo, sendo excluídas todas aquelas que non cumpran este requisito.

III.2. A solicitude dirixirase ao Sr. Presidente do Consello de Administración do Bantegal e presentárase unicamente no Rexistro do Bantegal, sito no lugar da Barcia, estrada Santiago-Noia, Km.1, C.P.15896, Santiago de Compostela (A Coruña) en horario de 8:30 a 15:00, de luns a venres. Nela expresarán a praza ou prazas ás que se presentan e manifestarán expresamente que reúnen os requisitos esixidos para cada unha delas pola convocatoria.

A consignación de datos falsos na documentación presentada polos aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificación, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Sociedade Anónima Xestora Bantegal de calquera cambio nel.

III.3. Coa solicitude achegarán obrigatoriamente a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI, tarxeta de residencia ou documento equivalente.
- b) Copia autenticada da titulación académica e da formación esixidos.
- c) Certificado médico que acredite o requisito ao que se refire o apartado II.1.c) anterior.
- d) Declaración xurada referente ao requisito do apartado II.1.d) anterior según modelo do Anexo II.
- e) Currículum Vitae xunto coa documentación orixinal ou fotocopia debidamente compulsada que acredite os méritos alegados. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito excluírá o mesmo da súa correspondente avaliación. Todos eles acreditaranse con certificado da entidade correspondente.
- f) Relación dos documentos presentados
- g) Aqueloutros que os candidatos xulguen oportunos.

Todos os méritos que os aspirantes acheguen para a súa avaliación enténdense referidos ao día de remate do prazo para a presentación de solicitudes.

IV. Listas de admitidos ao proceso de selección

Concluído o período de presentación de solicitudes, o Sr. Presidente do Consello de Administración da Sociedade aprobará no prazo de dez días naturais as listas de admitidos e excluídos que se publicará inmediatamente no taboleiro de anuncios do Bantegal, sito no enderezo citado no apartado III.2 e na páxina web www.bantegal.com.

Os aspirantes excluídos disporán de cinco días naturais contados a partires do seguinte ao da publicación das listas para poderen emendar, se for o caso, o defecto que motivase a exclusión. De non habelas, as listas enténdense aprobadas definitivamente. A estimación ou desestimación das peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. Xunto á mesma publicarase a convocatoria para a realización da proba práctica

descrita no apartado V.1, indicando día, lugar e hora, o que se fará -cando menos- con corenta e oito horas de antelación á súa celebración.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no presente procedemento. Cando da documentación que deba presentarse se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

V. Proceso de selección

O proceso de selección dos candidatos realizarase en tres fases: exame, concurso de méritos e entrevista persoal.

V.1. Fase de exame. Poderase acadar unha puntuación máxima nesta proba de 40 puntos. Á vista dos resultados anónimos desta proba corresponderá á comisión de selección establecer o nivel de coñecementos equivalente ao mínimo esixido para superar a proba.

Será un exercicio que consistirá en contestar por escrito un grupo de 70 preguntas tipo test, con respostas alternativas propostas pola Comisión de Selección que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquela, e relativos aos programas que figuran nos Anexos seguintes:

- Anexo III: Praza de Técnico Superior Área Xurídica.
- Anexo IV: Prazas Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras e Técnico Superior de Estudos e Dinamización.

No devandito test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de dúas horas.

Os interesados poderán formular alegacións no prazo de cinco días naturais seguintes ao da realización do exercicio.

Cando remate o exercicio cada opositor poderá obter copia do mesmo.

No prazo das 24 horas seguintes á realización farase público, o modelo coas respostas correctas do test no taboleiro de anuncios da Sociedade.

Por cada catro repostas incorrectas descontarase unha correcta, e non se valorarán as preguntas non contestadas.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección de exercicios, indicando a nota de corte adoptada pola comisión de selección indicativa da puntuación mínima necesaria para a superación da proba, así como a puntuación obtida polos candidatos que se presentaron á mesma.

V.2. Concurso de méritos. Poderase acadar unha puntuación máxima nesta proba de 40 puntos. Será necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos.

V.2.a) Avaliaranse os seguintes méritos para todas as prazas:

Puntuarase a experiencia profesional en postos de traballo onde se realizaran funcións semellantes ás do posto convocado, ata 20 puntos como máximo e do seguinte xeito:

- Polos servizos prestados nas administracións, entidades ou empresas públicas con relación en canto a eido temático e funcións co posto que se opta: 0,6 puntos por mes traballado.
- Polos servizos prestados en entidades ou empresas privadas con relación en canto a eido temático e funcións co posto que se opta: 0,3 puntos por mes traballado.
- Polos servizos prestados nas Administracións Públicas ou empresas privadas na categoría profesional a que se opta: 0,1 puntos por mes traballado.

Un mesmo período laboral non poderá computar en máis dun dos apartados anteriores.

No caso da praza de Técnico Superior Área Xurídica a valoración da experiencia comezará a partir do mínimo esixido para concorrer á praza, é dicir, a partir de dous anos.

A experiencia profesional previa acreditarase por medio de certificado de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia compulsada dos contratos de traballo orixinarios onde se indique a categoría desempeñada.

No caso de que o solicitante adquirise a experiencia a través de bolsas, credencial de concesión e documento acreditativo expedido polo organismo correspondente das funcións realizadas.

Deberá aportarse tamén certificación do responsable de persoal do centro de traballo correspondente, especificando os períodos de contratación, tipo de contrato e funcións desenvoltas.

No Currículum Vitae que se presente xunto coa solicitude deberán ir debidamente relacionados os períodos de contratación, sinalando de xeito claro as datas de inicio e de remate dos contratos, así como as tarefas desenvoltas.

V.2.b) Formación complementaria. Con carácter específico para os postos que se relacionan a continuación valorarase, ademais, o que se indica:

-Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras:

i) Coñecementos no eido dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX), ata 12 puntos:

- Cursos ou másters de formación e/ou perfeccionamento no ámbito dos Sistemas de Información Xeográfica impartidos polas Administracións

públicas, Universidades ou organismos competentes na materia. Valoraranse con 0,5 puntos por cada 10 horas computadas. Para o cálculo sumaranse todas as horas dos cursos de máis de 10 horas.

No caso de que a participación no curso/máster teña sido como profesor, multiplicarase por 4 a puntuación obtida por dito curso.

ii) Coñecementos no eido da xestión de empresas, ata 8 puntos:

- Cursos ou másters de formación e/ou perfeccionamento no ámbito da xestión de empresas impartidos polas Administracións públicas, Universidades ou organismos competentes na materia. Valoraranse con 0,1 puntos por cada 10 horas computadas. Para o cálculo sumaranse todas as horas dos cursos de máis de 10 horas.

No caso de que a participación no curso/máster teña sido como profesor, multiplicarase por 4 a puntuación obtida por dito curso.

-Técnico Superior de Estudos e Dinamización.

i) Publicacións, ata 5 puntos:

- Autor ou coautor de artigos relacionados coas tarefas do posto, en revistas de ámbito estatal: 1 punto por artigo.
- Autor ou coautor de artigos relacionados coas tarefas do posto, en revistas internacionais: 2 puntos por artigo.
- Autor ou coautor de Libros ou capítulos de libros, relacionados coas tarefas do posto, de ámbito estatal: 3 puntos.
- Autor ou coautor de Libros ou capítulos de libros, relacionados coas tarefas do posto, de ámbito internacional: 5 puntos.

Para ser valorado o traballo terá que ter unha extensión mínima de 10 páxinas. A acreditación farase coas fotocopias debidamente compulsadas da portada da publicación, da páxina na que se indique o ISBN da mesma e na páxina na que figure o título e autoría do traballo alegado.

ii) Estudos de doutoramento, ata 5 puntos:

- Por posuir o Diploma de Estudos Avanzados: 3 puntos.
- Por ter o grao de Doutor: 5 puntos.

iii) Coñecementos de inglés, ata 10 puntos:

- Nivel intermedio de inglés na escala do sistema de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia: 5 puntos.
- Nivel avanzado de inglés na escala do sistema de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia: 10 puntos.

-Técnico Superior Área Xurídica

i) Coñecementos de informática, ata 4 puntos:

- Cursos de formación e/ou perfeccionamento no uso de ferramentas de ofimática, impartidos polas Administracións públicas, Universidades ou organismos competentes na materia. Valoraranse con 0,5 puntos por cada 10 horas computadas. Para o cálculo sumaranse todas as horas dos cursos de máis de 10 horas. Ata 2 puntos.
- Cursos de formación e/ou perfeccionamento no uso de internet, impartidos polas Administracións públicas, Universidades ou organismos competentes na materia. Valoraranse con 0,5 puntos por cada 10 horas computadas. Para o cálculo sumaranse todas as horas dos cursos de máis de 10 horas. Ata 2 puntos.

ii) Coñecementos de inglés, ata 4 puntos:

- Nivel intermedio de inglés no sistema de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia: 2 puntos.
- Nivel avanzado de inglés no sistema de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia: 4 puntos.

iii) Coñecementos de francés, ata 4 puntos:

- Nivel intermedio de francés no sistema de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia: 2 puntos.
- Nivel avanzado de francés no sistema de Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia: 4 puntos.

iv) Cursos de formación e perfeccionamento no ámbito da práctica xurídica impartidos polas Administracións públicas, Universidades ou organismos competentes na materia, relacionados coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 8 puntos. Valoraranse con 0,5 puntos por cada 10 horas computadas. Para o cálculo sumaranse todas as horas dos cursos de máis de 10 horas.

V.2.c) No momento de facerse públicas as puntuacións do exame a comisión de selección publicará tamén a puntuación obtida por cada aspirante no concurso de méritos. Os candidatos disporán, a partires dese momento e si é o caso, dun prazo de 5 días naturais para presentar reclamación ou revisión a ambas puntuacións.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita no posterior acordo que publique a comisión de selección coa relación de puntuacións definitivas de cada participante do proceso selectivo nas fases de exame e concurso de méritos, ordeadas de maior a menor e para cada un dos postos ofertados.

A comisión convocará, igualmente, a raíz desas puntuacións, ás persoas que deban realizar a entrevista persoal, facendo indicación do día, lugar e hora de celebración da mesma, o que se fará -cando menos- con corenta e oito horas de antelación á súa celebración.

V.3. Entrevista Persoal. Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos alegados polos solicitantes, e coñecidos os resultados da proba práctica, a Comisión levará a cabo unha entrevista persoal aos candidatos que mellor puntuación acadasen como resultado da suma de ambas as dúas probas anteriores. Corresponderalle á Comisión establecer o número de aspirantes que acceden á entrevista.

A entrevista versará sobre aspectos do seu currículo académico e profesional, coñecemento e experiencia, dispoñibilidade e aptitude do aspirante en relación coas funcións do posto de traballo.

A duración máxima da entrevista será de vinte minutos. O seu resultado puntuarase cun máximo de 20 puntos.

No caso daqueles aspirantes que non tivesen acreditado o coñecemento do idioma galego, farase con anterioridade á entrevista, no mesmo día, a proba correspondente, que terá unha parte oral e outra escrita. Corresponderalle á Comisión de Selección establecer o nivel mínimo esixible para superar a proba.

VI. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Para levar a cabo o procedemento selectivo, constituirase unha comisión de selección que será encargada de realizar o proceso e que será nomeada polo Conselleiro-Delegado do Bantegal.

A resolución en que se determine a composición da comisión de selección publicarase o mesmo día en que se faga o propio coa lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo nos lugares indicados no apartado IV das presentes bases e, en todo caso, estará integrada por cinco membros coa seguinte distribución:

- Presidente.
- Secretario.
- 3 vogais.

A resolución pola que se nomee aos membros do tribunal conterá tamén os correspondentes suplentes e publicarase no taboleiro de anuncios do Bantegal cun mínimo de dous días naturais de antelación á data de avaliación de realización da primeira proba.

A comisión queda facultada para resolver as dúbidas que xurdan da aplicación destas normas e poderá adoptar os acordos que correspondan para os supostos non previstos nelas.

Os membros de selección da comisión poderán dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que considere pertinentes, limitándose os asesores a prestar colaboración nas súas especialidades.

VII. PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Rematado o proceso selectivo, a comisión de selección fará pública a puntuación total obtida nela polos aspirantes, en forma de listaxe e ordenada de maior a menor puntuación.

Igualmente, a partir desas listaxes, fará pública a proposta de adxudicación co nome respectivo do/a aspirante correspondente.

Dende o día seguinte ao da súa publicación, os aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles para presentar a oportuna reclamación, se o consideran oportuno.

Finalizado este prazo a comisión de selección trasladaralle a súa proposta ao Conselleiro-Delegado do Bantegal, que a elevará a definitiva, resolvendo así o proceso selectivo convocado.

VIII. PUBLICIDADE

Estes procesos selectivos convocaranse por medio de anuncio no Diario Oficial de Galicia e polo menos nun dos xornais de máis circulación de Galicia. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Bantegal.

Asdo.

Alfredo Suárez Canal

PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL.